

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CORISTANCO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CORISTANCO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o 7 de novembro de 2019, un convenio de colaboración co Concello de Coristanco con vixencia dende o día da súa sinatura ata o 28 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Coristanco para o financiamento das obras de reforma no Centro de Saúde de Coristanco, propiedade do Concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e pretende dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante a reforma do Centro de Saúde de Coristanco. Deste xeito, as partes acordan unir os seus esforzos para levar adiante o proxecto das citadas reformas xa que é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas partes interesadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da prórroga do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

